



DECRETO DE ALCALDIA.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

ANTECEDENTES:

A Deputación Provincial da Coruña concedeu unha subvención ao Concello de Rois ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, PEL CONCELLOS, anualidade 2020 liña 1.1. Contratación de persoas desempregadas para prestación de servizos en concellos.

Sendo necesario realizar o correspondente proceso selectivo, esta alcaldía, no uso das atribucións que lle outorga o artigo 21.g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

DECRETO:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para a contratación en réxime de persoal laboral de 3 peóns de albanel.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Documento asinado electronicamente.

O alcalde

O secretario

Ramón Tojo Lens

Diego Losada Romero